


Como subir un paquete Ardora ao espazo ftp nun centro educativo (EDU)

Supoñemos que fixemos un paquete de arquivos Ardora, no que hai tres actividades enlazadas. Ese paquete vai a ter polo tanto 3 arquivos html, 3 arquivos jar, 1 folla de estilo e unha carpeta de imaxes.

O lóxico será que esté todo o paquete dentro dunha carpeta.

Chamémoslle á carpeta que contén a todos esos arquivos **ag**



Tipo: zip Archive
Data da modificación: 15/08/2008 23:55
Tamaño: 345 KB

Poderíamos subir os arquivos de un en un por ftp, pero a ferramenta **nt2ftp** vains permitir subir os arquivos comprimidos nun so arquivo e logo, xa no espazo ftp, descomprimilos.

Temos xa logo, feito o arquivo **ag.zip** cos arquivos do paquete comprimidos.

Net2Ftp

A Consellería de Educación pon ao servizo dos centros esta ferramenta, que lles vai permitir aos usuarios administradores do espazo subir, baixar, borrar, modificar,...arquivos. Polo tanto, hai que ter moito coidadiño no seu uso. Suprimir un arquivo do espazo pode significar destruílo.

Accedemos a net2ftp tecleando a URL : <http://centros.edu.xunta.es>, e prememos na opción **ftp**



Abrirase unha ventana nas que nos pedirá o nome de usuario e contrasinal correspondente:

Unha vez que entramos, xa veremos un listado de arquivos no espazo web.


Prememos na opción de “**Subir arquivo**”.

Abrirase un nova ventá que nos vai permitir subir arquivos sen comprimir ou arquivos comprimidos.

Importante: cando empregamos a opción de subir arquivos comprimidos, estes son descomprimidos automáticamente no espazo ftp. Por elo, debemos de ter a precaución de subilos dentro dunha carpeta, ou crear no espazo ftp unha carpeta na que metelos.




Mediante un buscador, localizamos o arquivo ag.zip no noso PC e logo prememos



Veremos que efectivamente subiron os arquivos cando apareza unha mensaxe co listado de arquivos do paquete que tiñamos que subir.

Agora premeremos na flecha azul e xa inmediatamente veremos que no espazo ftp temos xa a carpeta cos arquivos descomprimida





Agora só faltará enlazar o arquivo na páxina correspondente.

Neste caso de exemplo a URL será

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdexxx/ag/ag1.htm>